

plan de formación continua do

tempo libre educativo

2009




XUNTA DE GALICIA

O Programa de formación continua do tempo libre educativo oferta un catálogo de cursos ás persoas coa titulación de monitor/a e director/a de actividades de tempo libre, coa finalidade de mellorar a calidade da súa intervención coa infancia e a xuventude, en especial nas actividades campamentais de verán.

Prímanse os contidos que axuden a garantir a seguridade no desenvolvemento das actividades e por outro lado aqueles que amplían a gama de recursos dispoñibles para o desenvolvemento do traballo educativo dos equipos.

Este ano, e por primeira vez, os cursos están abertos para a participación de mozos e mozas portugueses dentro do proxecto de cooperación transfronteirizo "Espazo xuvenil Galiza – Norte de Portugal".



CADRO RESUMO DE CURSOS

1

Deporte e xogo tradicional en Galicia

2

Teatro para ti

3

Novas tecnoloxías aplicadas ao tempo libre

4

Interpretación do patrimonio no tempo libre. Como comunicar de xeito eficaz os valores ambientais e culturais

5

Metodoloxía en liña como ferramenta para actividades de tempo libre. Software libre


6


Náutica

Asistente instrutor kitesurf
Iniciación aos deportes náuticos
Especialización piragüismo
Especialización en esquí acuático
Especialización en vela

7

Perfeccionamento á escalada en rocha. Gps/ozieplorer





Deporte e xogo tradicional en Galicia

Este curso está pensado para mellorar e ampliar os coñecementos e recursos dos/as profesionais do tempo libre, para aproximarlles parte da nosa cultura como son os xogos e deportes tradicionais.

As actividades lúdicas tradicionais e autóctonas, unha ollada ao noso contorno social, son unha vía de transmisión cultural.

Obxectivos


- Achegar aos monitores/as e directores/as os recursos necesarios para desenvolver o xogo e deporte tradicional en Galicia
- Achegar técnicas para sacar o máximo rendemento dos recursos na súa aplicación ao tempo libre
- Aprender e planificar xornadas de xogo tradicional
- Analizar a situación do xogo e o deporte tradicional en Galicia na actualidade

Contidos

- Curso de iniciación ao xogo e o deporte tradicional en Galicia impartido por monitores especializados da Facultade de Ciencias e Actividades Física e de Deporte da Universidade da Coruña
- Aproximación aos xogos e deportes de locomoción en Galicia
- Aproximación aos xogos e deportes de lanzamento a distancia en Galicia
- Aproximación aos xogos e deportes de lanzamento de precisión en Galicia
- Aproximación aos xogos e deportes de pelota en Galicia
- Aproximación aos xogos e deportes de loita e probas de forza en Galicia
- Entrega de unidades didácticas para a práctica de xogo e deporte tradicional galegos
- Veladas tradicionais. Principios de organización. Posta en práctica

Equipamento persoal imprescindible para asistir ao curso

- Útiles de aseo persoal
- Roupa e calzado cómodo
- Toalla de baño e ducha
- Unha manta pequena (ou de viaxe) para as veladas



Teatro para ti

Teatro para ti é un curso orientado a ampliar e mellorar os coñecementos e recursos dos/as profesionais do tempo libre, para aproximarlles parte da nosa cultura, a través de técnicas artísticas e teatrais.

Para un/unha profesional do tempo libre, o mundo do teatro forma parte da actividade a desenvolver con calquera grupo de idade.

Obxectivos

- Crear un espazo de aprendizaxe baseado na expresión dramática e teatral
- Establecer un contacto estreito entre un profesional e o teatro como base da súa imaxinación e mobilidade intelectual
- Dotar o profesional de tempo libre de ferramentas básicas para a creación artística relacionado co lecer
- Introducir o profesional na expresión corporal como novo xeito de facer comunicación cos/coas rapaces/as

Contidos

- Introducción ao corpo da voz
- O teatro como apoio ás veladas de tempo libre
- O aproveitamento dos espazos naturais e os espazos dispoñibles
- Os fíos condutores a través do teatro nun campamento
- O mundo dos sentidos
- Técnicas de expresión corporal: danza e máscara danzada
- Técnicas sobre Encóntate: obradoiro de contacontos para directores/as e monitores/as de tempo libre

Equipamento persoal imprescindible para asistir ao curso

- Útiles de aseo persoal
- Roupas e calzado cómodo
- Toalla de baño e ducha
- Unha manta pequena (ou de viaxe) para as veladas



Novas tecnoloxías aplicadas ao tempo libre

A finalidade deste curso é conseguir unha formación integral e continua dos profesionais de tempo libre, tendo en conta a importancia da tecnoloxía educativa nas actividades desenvolvidas polos/as rapaces/as de hoxe en día. Para isto aproveitaremos os recursos e o rendemento que a tecnoloxía pon nas nosas mans para acadar os obxectivos formulados como monitores/as e directores/as de tempo libre.

Na actualidade a mocidade demanda novas actividades, cheas de imaxinación. Daquela, por que non aplicar a tecnoloxía ás actividades de tempo libre?

Obxectivos

- Dotar os/as participantes de ferramentas para a realización de actividades de tempo libre
- Establecer un contrato estrito entre o profesional e as novas tecnoloxías como base para crear actividades de tempo libre novidosas
- Rendibilizar recursos na aplicación de novas tecnoloxías ás actividades de tempo libre

Contidos

- Imaxe e son
- Radiocampamento
- Recursos par internautas
- Introducción ao deseño gráfico

Equipamento persoal imprescindible para asistir ao curso

- Útiles de aseo persoal
- Roupa e calzado cómodo
- Toalla de baño e ducha
- Unha manta pequena (ou de viaxe) para as veladas



Interpretación do patrimonio no tempo libre. Como comunicar de xeito eficaz os valores ambientais e culturais

A interpretación é un proceso que ten como finalidade desenvolver o interese, disfrute e compensación dos participantes dunha actividade polo patrimonio (natural e cultural), tomar conciencia do significado deste lugar visitado, e sentir desexo e compromiso de conservalo.

Neste curso valoraremos os recursos ambientais ou histórico-artísticos do contorno no que se desenvolven as actividades.

Obxectivos

- Dar a coñecer a oportunidade que brinda esta disciplina aplicada ao mundo do tempo libre
- Descubrir sinxelas orientacións para aplicar as técnicas da interpretación do patrimonio
- Tomar conciencia do significado do lugar visitado, e sentir desexo e compromiso de conservalo

Contidos

- A interpretación do patrimonio. Concepto, principios, requisitos e obxectivos
- Elementos claves para unha comunicación efectiva e atractiva
- A interpretación adaptada ao ámbito do ocio e tempo libre
- Recursos, técnicas e recomendacións
- Sendeiros e itinerarios guiados
- Simulacións, traballo en grupo e/ou exercicios prácticos
- Avaliación



Metodoloxía en liña como ferramenta para actividades de tempo libre. Software libre

Este curso ten como finalidade ofrecer formación aos profesionais do tempo libre utilizando unha ferramenta de colaboración en liña para a coordinación das actividades que se vaian a desenvolver, coñecendo a metodoloxía de actuación de contidos en liña.

Contidos

- Introducción ao emprego de ferramentas ofimáticas básicas
 - Suite – ofimática
 - Internet
- Emprego de ferramenta de colaboración en liña
 - ExpressoMail
 - Axenda
 - Catálogo de enderezos
 - Workflow
- Actualización de contidos en liña
 - Blogs / Diarios
 - Imaxes e vídeos
 - Redes sociais
 - Reutilización do contido



Náutica

Módulo básico e de especialización en actividades no mar.

Obxectivos

- Posibilitar o achegamento da xuventude galega ás diferentes actividades náuticas
- Crear un espazo de formación e actualización en técnicas para o lecer e o tempo libre e as actividades náuticas
- Formar a profesionais do tempo libre (monitores e directores) en actividades especializadas como son as náuticas

Contidos

- **Curso asistente instrutor kitesurf** (para acceder ao curso é preciso superar unha proba práctica que constará da montaxe do equipamento en terra e a posterior navegación, e que terá lugar na escola NALU PRO CENTER, en Porto do Son os días 19, 20, 21 e 22 de marzo): introdución ao IKO, equipamento, seguridade, teoría do voo da cometa, principios aerodinámicos, metodoloxía, oceanoloxía básica, psicoloxía básica da ensinanza, preparación das unidades didácticas. Os/as instrutores/as que sexan aptos no curso recibirán un diploma ou certificación que se achegará por correo.
- **Curso de iniciación aos deportes náuticos:** piragüismo, vela, táboa de vela, esquí náutico, body board, kite surf, salvamento acuático e primeiros auxilios e actividades de tempo libre..
- **Curso de especialización en piragüismo:** curso de iniciador de piragüismo; curso de autorización federativa para o manexo de embarcación de recreo e actividades de tempo libre.
- **Curso de especialización en esquí náutico:** curso de monitor territorial de esquí náutico; curso de autorización federativa para o manexo de embarcacións de recreo e actividades de tempo libre.
- **Curso de especialización en vela:** curso de aspirante a instructor de vela e táboa de vela (impartido pola Federación Galega de Vela), curso de autorización federativa para o manexo de embarcacións de recreo (impartido pola Federación Galega de Vela) e actividades de tempo libre. A non superación da proba práctica suporá a realización do curso de iniciación aos deportes náuticos.

Equipamento persoal imprescindible para asistir ao curso

- Traxe de baño
- Traxe de neopreno

- Roupa e complementos básicos (chancletas)
- Saco de durmir
- Toallas
- Útiles de aseo persoal

Documentación e condicións necesarias para a realización dos cursos náuticos

- 2 fotocopias do DNI.
- 4 fotos tamaño carné (para o de kitesurf so é preciso 1 fotografía)
- Certificado médico (que acredite que o participante reúne as condicións psicofísicas para a obtención dos títulos de navegación esixido polo artigo 15 da orde do 17 de xuño)
- Fotocopia compulsada do graduado escolar, en ESO, ou titulación equivalente para efectos académicos



Perfeccionamento á escalada en rocha. Gps/ozieplorer

Módulo de especialización á escalada deportiva

Escalar unha vía de rocha supón alzar a vista para comprobar que sempre quedan uns metros por encima de nós. A lectura dalgún manual de escalada é preciso, desta forma a asimilación dos contidos co curso será máis rápida e efectiva.

O coordinador co curso será **Alain Andrés Ruiz** (Profesor da *Escuela española Guías Alta Montaña Benasque, Técnico Deportivo Superior en Alta Montaña y Escalada*, monitor Aguas Bravas FPE), e os responsables de impartilo serán técnicos deportivos de alta montaña e escalada EEAMB.

Os participantes deberán presentar diploma de iniciación á escalada. Expedirase certificación de asistencia ao curso cos contidos desenvolvidos.

Obxectivos

- Aumentar o seu grao de escalada e internarse na escalada "clásica". Percorrer vías equipadas ou semiequipadas de varios longos
- Formar os/as participantes nos usos e tipos de materiais de seguridade

Contidos

- Coñecemento do medio e prevención de riscos
- A rocha; particularidades
- Equipamento e material específicos
- Ancoraxes e instalacións alpinas
- Orientación na parede e na vía
- Nós
- Reunións avanzadas
- Técnica do progreso do longo
- Aseguramento: tipos
- Guiado da corda a través da ruta
- Rappel. Técnicas básicas. Montaxe de instalacións de rappel.Prácticas.
- Nocións básicas de autorrescate en parede
- Comunicación na cordada

Módulo de orientación con GPS e programa Oziexplorer

Este módulo está dirixido á mocidade que precisen manexar o receptor navegador GPS (programación de waypoints e creación de rutas).

Obxectivos

- Aprender as posibilidades que nos ofrece o uso do GPS cun mapa convencional
- Coñecer o manexo do GPS co PC

Contidos

- Sistemas de referencia e coordenadas utilizadas co GPS
- O GPS con mapas
- O GPS sen o PC
- O GPS con PC OziExplorer
- Instalación e configuración de OziExplorer e demais software de utilidades
- Exercicios de deseño de rutas

Equipamento persoal imprescindible para asistir ao curso

- Aparellos persoais: pantalóns longos, lentes de sol, crema solar, mochila de 30L a 40L
- Pés de gato
- Roupa deportiva
- Calzado e roupa cómoda e flexíbel para o rocódromo
- Lanterna
- Chuvasqueiro
- Botas de montaña
- Roupa de abrigo

Normas de inscrición e participación

Estar en posesión do título de director/a ou monitor/a de actividades de tempo libre. No caso de non cubrirse as prazas, poderán participar persoas que non posúan a titulación requirida.

Cada persoa interesada unicamente poderá reservar unha praza por curso.

A reserva poderase facer a partir do 16 de febreiro da seguinte forma:

- chamando aos seguintes números de teléfono da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade: **981 54 57 12** e **981 54 56 96**
- por correo electrónico ao seguinte enderezo de correo electrónico: **xuventude.programas@xunta.es**

Unha vez feita a reserva, comunicaráselle ao/á interesado/a as instrucións para efectuar o pagamento.

Documentación que hai que achegar

- Xustificante do pagamento
- Fotocopia do DNI por ambas as caras
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou calquera outro seguro médico
- Fotocopia do título de director/a e/ou monitor/a de actividades de tempo libre (nº rexistro do título)

No caso de non presentar a documentación no prazo de 48 horas perderase o dereito á praza.

Cota: os posuidores do Carné Xove Euro<30 (que debe acreditarse e estar vixente no momento do pagamento) terán un desconto do 25%.

Devolución de cotas

As **taxas** so se devolverán cando a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade anule o programa ou non preste o servizo.


De conformidade coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos persoais, a través dos datos recompilados no formulario da inscrición, prestarase o seu consentimento para o tratamento dos datos persoais facilitados, que serán incorporados a un ficheiro titularidade da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, cuxas finalidades son:

- Enviar toda información que xera a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade
- Adxudicar prazas cando corresponda en relación con determinados programas da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.
- Facilitar a comunicación entre os diferentes colectivos da mocidade galega e do ámbito do voluntariado coa Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Igualmente informamos que se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos na dita lei mediante o envío por correo ordinario dunha solicitude por escrito, achegando fotocopia do seu DNI/pasaporte ao seguinte enderezo:

Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade / Edificio Administrativo San Caetano
Bloque III – 1º andar / 15781 Santiago de Compostela - A Coruña

Nome	Instalación
1 Deporte e xogo tradicional en Galicia	Complexo Xuvenil LUG (LUG II - Lugo)
2 Teatro para ti	Complexo Xuvenil LUG (LUG II - Lugo)
3 Novas tecnoloxías aplicadas ao tempo libre	Complexo Xuvenil LUG (LUG II - Lugo)
4 Interpretación do patrimonio en ocio e tempo libre. Como comunicar de xeito eficaz os valores ambientais e culturais	Gandarío (A Coruña)
5 Metodoloxía en liña como ferramenta para actividades de tempo libre. Software libre	Gandarío (A Coruña)
6 Náutica Asistente instrutor kitesurf Iniciación aos deportes náuticos Especialización piragüismo Especialización en esquí acuático Especialización en vela	Virxe De Loreto (A Coruña) As Sinas (Pontevedra) As Sinas (Pontevedra) As Sinas (Pontevedra) As Sinas (Pontevedra)
7 Perfeccionamento á escalada en rocha. Gps/ozieplorer	Albergue Xuvenil Ordelles (Ourense)



Datas	Duración	Prazas	Cota
24, 25 e 26 de abril de 2009	Incorporación o venres 24 ás 19:30 h	20	60 €
13, 14 e 15 de marzo de 2009	Incorporación o venres 13 ás 19:30 h	20	60 €
15, 16 e 17 de maio de 2009	Incorporación o venres 15 ás 19:30 h	20	60 €
18, 19 de abril de 2009	Incorporación o sábado 18 ás 9:00 h	20	60 €
9 e 10 de maio de 2009	Incorporación o sábado 9 de maio ás 9:00 h	20	60 €
Do 6 ao 12 de abril de 2009	Incorporación o luns 6 antes das 13:00 h	10	100 €
Do 6 ao 12 de abril de 2009	Incorporación o luns 6 entre as 10:00 h e as 11:30 h	20	100 €
Do 6 ao 12 de abril de 2009	Incorporación o luns 6 entre as 10:00 h e as 11:30 h	15	100 €
Do 6 ao 12 de abril de 2009	Incorporación o luns 6 entre as 10:00 h e as 11:30 h	10	100 €
Do 5 ao 12 de abril de 2009	Incorporación o domingo 5 entre as 15:30 h e as 16:30 h	10	100 €
Do 6 ao 12 de abril de 2009	Incorporación o luns 6 a partir das 16:00 h	15	100 €



INFORMACIÓN

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade
Edif. administrativo San Caetano, s/n, bloque 3 - 1º
15781 Santiago de Compostela
Tel. 981 544 735 - Fax: 981 545 843

A Coruña

Servizo de Xuventude
Rúa Enrique Mariñas s/n, andar 11
Edificio Proa Matogrande
15009 A Coruña
Tel. 881 881 238

Oficina Local de Ferrol

Edif. administrativo Praza Camilo José
Cela, 1º
15403 Ferrol
Tel. 981 337 290

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Praza do Matadoiro, s/n.
15781 Santiago de Compostela
Tel. 981 583 900

Lugo

Servizo de Xuventude
Rolda da Muralla, 70
27002 Lugo
Tel. 982 294 224

Ourense

Servizo de Xuventude
Av. da Habana, 81 baixo
32004 Ourense
Tel. 988 386 118

Pontevedra

Servizo de Xuventude
Edif. administrativo da Xunta.
Concepción Arenal, 8 - 1º
36201 Vigo
Tel. 986 817 078

Oficina Local de Pontevedra

R/ Fernandez Ladreda, nº 43, 2º andar
(Estadio da Xuventude)
36003 – Pontevedra
Tel. 986 805 530/1




xuventude.net

O noso mellor portal de información



PROGRAMA
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA
2007 - 2013



ESPAZO XUENIL
GALIZA-PORTUGAL



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte